



Concello de Palas de Rei

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria urgente Motivo: «Preparada e informada a listaxe de obrigas adquiridas e non recoñecidas é preciso a súa urxente aprobación a efectos de cumprir normativa PMP.»
Data	30 de xaneiro de 2020
Duración	Desde as 9:00 ata as 9:30 horas
Lugar	Dependencias Municipales
Presidida por	PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA
Secretario	Celestino Amigo Liñares

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33547519H	ALBA VILLASANTE TORRES	SÍ
33553158E	ANA MARIA CORREDOIRA VAZQUEZ	NON
32441374N	Amando Sande Agra	SÍ
33206921G	Fernando Alfredo Pensado Barbeira	SÍ
33302245Q	Horacio Rouco Ferro	SÍ
33305102K	José Ramón García Vázquez	SÍ
33318023Q	José Ramón López Bruzos	NON
33309657E	José Sabino Prieto Vázquez	SÍ
33334372N	María Aurora Vila Agra	SÍ
33327704Z	PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA	SÍ
76583823X	Rodrigo Gonzalez Penas	SÍ

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 7WLYEKSZ7AHQ9ZHXVXL4NKSX | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Concello de Palas de Rei

Escusas de asistencia presentadas:

1. ANA MARIA CORREDOIRA VAZQUEZ:

«Asuntos persoais»

1. José Ramón López Bruzos:

«Asuntos persoais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Pronunciamento sobre a urxencia da Sesión.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión.

Exponse a proposta do Alcalde, na que pon de manifesto o seguinte:
O artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, LBRL establece que a convocatoria das sesións extraordinarias convocadas con carácter urxente deberá ser ratificada polo Pleno. Polas razóns expostas sucintamente na convocatoria e a necesidade de pagar a provedores, para o que existe liquidez suficiente, propónse ao Pleno ratificar a urxencia da mesma, aos efectos de dar cumprimento ao artigo 49 da Lei 7/1985, anteriormente citado.

Sometida a proposta anterior a votación resulta aprobada por unanimidade dos asistentes.

Expediente 40/2020. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

O Alcalde fai unha exposición da listaxe de obrigas pendentes de recoñecemento que se incorporou ao expediente incluído na orde do día desta sesión. Aberta a quenda de debate, fai uso da palabra o concelleiro D. Horacio Rouco, quen manifesta que o informe do Secretario fai gala dun bo criterio, especialmente nas recomendacións relativas á necesaria planificación do gasto no futuro, para atallar esta práctica xa histórica neste concello. Comenta que se detecta a existencia de provedores que non presenta as facturas dentro dos prazos legalmente establecidos, o que xenera unha serie de distorsións non imputables ao concello, que deberan igualmente ser corrixida esta práctica. E pon diversos exemplos concretos de provedores e datas. Esta mala praxis desestabiliza a xestión orzamentaria e comprometen o orzamento do exercicio actual. Por ese motivo o grupo político socialista votará en contra da proposta de recoñecemento extraxudicial que obra no expediente. O Alcalde comenta que se trata de un arrastre dunha situación que se produciu

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 7WLYEKSZ7AHQ9ZHXVXL4NKSX | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



Concello de Palas de Rei

hai moitos anos e non é imputable ao concello, por canto aínda non se precibiron nin se temos o detalle de todas as liquidacións de distintas cantidades que se nos deben.

O Sr. Rouco insiste en que de calquera maneira debe haber un soporte orzamentario dos gastos.

O Alcalde continúa expoñendo que ademais debe considerarse a realidade de que as facturas correspondentes a diversos servizos e subministracións realizadas ao remate do exercicio non se coñecen ata o mes de xaneiro.

O Sr. Rouco matiza que, en efecto, non debe confundirse a facturación en prazo de prestacións efectuadas ao remate do exercicio con aquelas outras que se refiren a prestacións de considerable antigüidade, que son ás que se ven refirindo no seu argumentario.

O Alcalde explica que en realidade hai cobertura mais que suficiente, se consideramos o memaente positivo (superávit) que nos anuncia o avance da liquidación, a piques de ser aprobada, sen prexuízo de que se realicen os axustes necesarios de cara a garantir a estabilidade orzamentaria requirida pola Lei.

Don Horacio conclúe que en calquera caso non debe obviarse a grave responsabilidade, incluso penal, que supón a autorización de gastos sen cobertura orzamentaria conforme á nova regulación legal.

Considerado o asunto suficientemente debatido, o Presidente sométeo a votación co seguinte resultado:

- Votos a favor: sete (7), concelleiros e concelleiras do grupo do PP
- Votos en contra: dous (2), concelleiros do grupo socialista.
- Abstencións: cero (0)

Consecuentemente, o Alcalde declara aprobado o seguinte

ACORDO:

Visto o Expediente núm. 40/2020 de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos correspondente á Listaxe de Facturas 01/2020.

Vista a providencia do alcalde de data 27 de xaneiro, na que se determinou a necesidade de tramitar un recoñecemento extraxudicial de créditos.

Visto o informe-proposta do interventor no que se indica a necesidade de tramitar e aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos, coas imputacións orzamentarias que resulten oportunas, xa que existe crédito no orzamento prorrogado para afrontar as obrigas correspondentes.

O Pleno, por maioría absoluta do número legal de membros, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento dos créditos que se relacionan en listaxe anexa e que se transcribirán no correspondente acordo do Pleno, correspondentes a exercicios anteriores, por un importe total de **316.029,90 euros**.

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2020 (prorrogado do exercicio 2019), os créditos detallados ás partidas de gasto correspondentes.

TERCEIRO. Publicar o presente acordo aso efectos de garantir a seguridade xurídica e a transparencia.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015





Concello de Palas de Rei

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 7WLYEKSZ7AHQ92HXWXL4NKSX | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4